

# BASES CAMPAÑA DE OUTONO 2023

## “SANTIAGO CENTRO VIP”

### “SANTIAGO CENTRO VIP”

#### CONVOCATORIA

- O período da campaña comprende dende o 1 ao 28 de outubro de 2023.
- Santiago Centro sorteará 15 bonos agasallo de 50€ cada un, en forma de saldo na App ou na tarxeta de fidelización, entre as persoas que realicen compras por un importe mínimo de 10€ entre as datas citadas, rexistrando esa compra a través da aplicación ou identificándose coa tarxeta “Santiago Centro Vip” nos establecementos adheridos.
- O sorteo será realizado a través da app “Santiago Centro Vip” o día 30 de outubro de 2023.
- As persoas gañadoras daranse a coñecer na propia aplicación e a través das redes sociais de Santiago Centro.

#### REQUISITOS

- Para participar, os clientes deberán estar dados de alta na App “Santiago Centro Vip” (dispoñible en Android e iOS) ou estar en poder da tarxeta de fidelización previo rexistro nun comercio adherido. Deberán identificarse no establecemento no momento de efectuar a compra ou compras.
- Entrarán no sorteo todas as persoas que realicen algunha compra por un valor mínimo de 10€ no período sinalado anteriormente.
- O sorteo farase por compras realizadas, de xeito que os usuarios terán tantas oportunidades de obter premio no sorteo como número de compras realicen.
- O saldo de regalo será canxeable a partir do 2 de novembro de 2023 nos comercios adheridos a “Santiago Centro Vip. O período de canxe será entre o 2 e o 30 de novembro do 2023.
- A partir do 1 de decembro de 2023, o saldo obtido con esta promoción e non utilizado desaparecerá das contas dos usuarios.

#### INCIDENCIAS

As posibles incidencias sobre o canxe do saldo pódense comunicar a Santiago Centro no correo [info@santiagocentro.gal](mailto:info@santiagocentro.gal)

